

“O dereito das persoas está por riba do dereito do capital”

Entrevista a Lidia Senra,
eurodeputada galega

A foto que fala

Veciñanza.
[Islamabad, Pakistán]



O trasno De que ri exactamente, señor alcalde?

Daniel López Muñoz



Non dabamos creto pero alí estaba *El*, no telexornal, rodeado de secundarios que rían as súas ocorrencias, como nun número de *Land Róber* sobre o pailanismo do grelo municipal. E así, sen traza de ridículo, sen asomo de dúbida, con aire de celebración e vitoria, no seu cómico idioma, case que a gargalladas: “*el barcu mas bonitu qui’uno puêde poner está alí ocupandu el sitiú...jeje, pero además lu ve toda España. Fíjese lo cacabamos de conseguir; qu’el barcu más bonitu dal mundo haya sidu visto por toda España, je,je, je..... e je?*”

Pero que celebraba exactamente, cabaleiro? De que pode estar tan fachendoso? A que vén tanto *jeje?* Repasemos, a ver.

Je, je primeiro. Un alcalde non debe celebrar un gol que lle mete aos veciños e veciñas dun barrio pola forza, con axuda do árbitro e da policía. Pois vaia merda, dispensando, de celebración, que cousa máis repugnante (pois repugna á intelixencia a ao sentido democrático). Triste orgullo para un alcalde o de vencer os veciños. Mesmo se só fosen dous centos, ou vinte, ou dez. Rir deles, tal que así, dos seus *vencidos*. Que valente! Que fibra moral, mi madriña!

Segundo *jeje*. Un alcalde non debe celebrar, na cidade galega máis abatida pola crise (non hai máis que ver as estatísticas da RISGA), que venza a razón do estrambote decorativo e o gasto innecesario para a posteridade

–a súa–, sobre a razón social e o instinto veciñal solidario. É un disparate, o socialismo inverso, unha caterpillar pisando flores e soños. Pero que entrañas demostra esa mofa?

Terceiro *jeje*. Nunca pode resultar divertida, senón amarga, esa vitoria porque, ademais, lógrase contra o principio democrático. El non ten a maioría absoluta e no pleno municipal votárase en contra dese proxecto. Onde está a graza? Que caste de casta temos? Como pode *El* burlarse dos veciños que si representaban a vontade maioritaria da corporación municipal?

Cuarto *jeje*. Un alcalde non pode rir da derrota da organización veciñal, da participación activa, da conciencia social e cidadá.... Non pode alegrarse –nin en segredo– de que a asociación, a parroquia (do Cristo da Aparente Derrota), a oficina de dereitos sociais, o barrio tecido de solidariedades pequenas pero heroicas, todo iso, perda unha soa batalla.

Porque a Vitoria non é súa. Só son seus os *jejes* da soberbia sen razón, nin corazón.

O tempo de deserto, estes corenta días da tradición católica, poderían estar sendo unha invitación simbólica e oportuna para contrastar e revisar.

Contrastar por exemplo o vigor, a claridade e a radicalidade das propostas do Papa Francisco coa realidade, coa teimuda socioloxía da Igrexa europea en xeral, coa española tamén e coa galega en particular. Francisco fala na coresma e arremete contra aqueles católicos que fan doazóns á Igrexa pero malpagan aos seus asalariados, fan trampa na vida ou non tributan á facenda polo que gañan. A prensa de dereitas incomódase por aquí e inauguran o xénero de mofa a un Papa de esquerdas poñendo entre aspas o do “pecado gravísimo”. A prensa de esquerda non sabe que dicir. Pero non son casos illados, ou extemporáneos. Parece algo serio e coherente. E vai na liña do que escribiu antes, na Exhortación. E vai na liña do que lle dixo á curia, tremendo, falando das súas quince enfermidades. Por exemplo, a de sentirse indispensables, a de fosilizar a mente, ou a da esquizofrenia entre a vida real e o que deberían representar.

Hai comparanzas atinadas, feitas desde Galicia, entre as propostas de Francisco e as que se facían no concilio pastoral de Galicia de hai case corenta anos. Pero esquecese que pasou neses corenta anos. E que se fixo coas conclusións do dito concilio galego.

A Igrexa galega segue sentada diante dos mesmos dilemas corenta anos despois

A realidade **é máis ben a** que se debuxa na sección “o peto” deste número de *Irimia*. A Igrexa galega, en conxunto, como institución, segue sentada diante dos mesmos dilemas corenta anos despois: ritualismo mal feito, envellecemento, insignificancia, falta de credibilidade e autenticidade, pésima imaxe social.

Francisco fala dunha comunidade viva, celebrante, propositiva e alegre; sensible e activa fronte ao sufrimento dos excluídos, explotados e abusados; radicalmente autocrítica, nada fachendosa; politicamente preocupada por asuntos críticos e significativos, como a transparencia fiscal, a inmigración, a trata de mulleres; promotora dunha sociedade plural e dialogante; comprometida na superación dos privilexios e desigualdades que xera o capitalismo e cun sector público que se faga cargo de remedialas.

O camiño entre a proposta de Francisco e a realidade da Igrexa galega é todo menos curto e azoso. Quen está a cargo de debuxar o mapa de ruta para atravesar o deserto?

Rumores de esperanza

Xan Guillén

Lembro que hai anos, sendo un rapaz, escoitei a Monseñor Rouco facer unha reflexión na que dicía que Deus non era un problema. Logo citou uns cantos filósofos alemáns e teólogos de non sei onde e aí xa me perdín. O foro onde o dicía era un lugar cheo de mozos e mozas que se cuestionaban iso da fe. O que si dicía era que a mocidade estaba cada vez máis preto de Deus.

Non sei se a mocidade está máis preto de Deus, coido que non tanto, pero do que estou seguro é que a existencia de Deus non lles crea problema.

Se cadra temos moitos mozos e mozas que non saben nada de relixión

nin de fe, pero xa non teñen medo a un Deus castigador e problemático. É certo, Deus non é un problema, nin unha ameaza, nin un perigo. Hai moita xente da vella escola que ve na perda de crentes un problema e botan en falta os tempos gloriosos de cristiáns cheos de medos e cunha conciencia dominada polo pecado.

A que vén isto? Pois velaí a miña reflexión coresmal. Se cadra o novo Papa le *Irimia*, e se cadra incluso le esta sección. Que lle parece, Francisco, se nesta coresma reflexiona un pouco e na Pascua nos dá unha sorpresa? Se cadra podería pensar que, por fin, temos unha xeración de mo-



zos limpos de medos e de prexuízos e comezamos a evanxelizear de cero sen buscar fieis para unha listaxe. Busquemos crentes de fonda espiritualidade evanxélica. Bonita coresma.

1



3



2



4



A peneira

1

No tempo das **PODAS** celebramos que os investigadores cultiven con carácter experimental o carballo in vitro, a partir das súas follas. Fano polas deficiencias dos métodos tradicionais de inxertos e os gromos das landras. Procuran a súa rexeneración e, así mesmo, crean exemplares de castiñeiro máis resistentes á praga da tinta.

2

O 1, o **URUGUAI** ten novo presidente: o médico Tabaré Vázquez, de raíces galegas. Na foto o seu predecesor Mújica, torturado e preso pola súa militancia tupamara na ditadura (1973-85). Labrego e loitador contra a pobreza, agora é senador e dedicado a montar unha escola de oficios agrarios para a mocidade sen recursos

3

O 1 volveron os cerqueiros á sardiña, despois de meses de peche. A **PESCA**, que costou 24 mortos no 2014 (13 galegos) ten que regular a práctica e a calidade ambiental para marcar as cotas, sobre todo nestas especies cun ciclo vital curto. Farase mesmo con intercambios, como as 300 toneladas de xurelo que os vascos cederon aos 156 do noso cerco.

4

No Ano do **CHAN** denunciámos que somos os que temos menos espazos protexidos do Estado, a metade en Lugo. Temos 7 parques naturais, algún en risco como a duna de Corrubedo, a máis grande da costa atlántico-cantábrica, que urxe amparo axeitado nos 4 Km. de praia, refuxio de centos de especies coma as aves migratorias.

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

As **MULLERES** constitúen o 90% do marisqueo a pé, o 80% nas conserveiras, o 71% do conxelado e o 44% na acuicultura, e teceron sempre as redes. Cobran un 23% menos cós homes, e son as peor pagadas do estado. O emprego masculino medrou un 70% máis. No agro hai máis pensionistas, pero cobran menos; traballan máis sen salario e sen xubilación.

6

A **CRUZ VERMELLA** con 150 anos, é quizais a primeira ONG. Hai 1400 voluntari@s e 14.000 misioneir@s. Na foto, Manuel Veiga, de Lugo, un dos seus cooperantes traballando nun campo de refuxiados de Sudán. Alí sobreviven 40.000 e 800 nen@s sufrindo fame, sida, malaria... É un territorio formado por máis de 500 etnias e devastado por unhas guerras con máis de 2 millóns de mortos

7

A investigación demostra que **GRELOS** e verzas teñen efecto antioxidante bo contra avellamento e tumores, e que en conserva, envasados ou conxelados, aínda son máis saudables. Así os comercializa a Cooperativa Milhulloa, escola de valores sociais para a muller, innovando a produción agrícola e creando redes de venda de produtos, plantas medicinais... Volven á flora autóctona, arestora desaparecida.

8

O 10, "Día da Clase Obreira", lembramos que a metade de desempregados non teñen axuda. Os plans de emprego **XUVENIL** fracasan. En 7 anos dobraron os menores de 24 anos con contrato parcial. Só o 22% dos menores de 25 anos traballa un ano completo, e cobran mil euros menos ao mes de media respecto aos maiores de 45. O 80% son parados e non estudian, "ninnins". No 2013 emigraron 5.275.

Política A política do simulacro

Pedro Pedrouzo Devesa

Da negociación entre a UE e Grecia saen as dúas partes como gañadoras. Como tantas outras novas, máis importante que as cousas en si é a impresión que nos transmiten. A política do simulacro pretende que analicemos as cousas co birollismo do que nos narra as novas.

Máis importante que a realidade é a súa representación, e as miles de opinións e imaxes que verten os medios. A enchente que temos dos partidos políticos tradicionais é causada en parte por ese cínico diálogo de xordos que son as tertulias entre eles. De aí a sede que temos, con razón ou sen ela, de algo novo. Podemos e Ciudadanos son as dúas agrupacións políticas que con maior consistencia están



atraendo o electorado tradicional de esquerda e dereita respectivamente, curiosamente sen querer ningún deles pecharse nunha soa corrente ideolóxica. Na nosa esquina galega, o enorme potencial que despregou Anova nas súas orixes parece que non se consolida despois dos diversos desencontros entre os propios membros desa heteroxénea coalición. Sorprende oír os argumentos que, en teoría, tanto diferenzan agora aos nacionalistas que hai pouco estaban unidos.

Realmente estamos algo perdidos. O enorme golpazo económico que estamos sufrindo nestes anos está poñendo en dúbida o fundamento social da nosa convivencia. Desde discursos rupturistas ata os máis continuístas, todos nos queren convencer da súas dotes políticas. Porén, todo se arranxaría

simplemente se fluíse de novo o crédito bancario ás empresas e aos particulares. Cando a maioría dispoñía de diñeiro fácil, non había tantos problemas coa política.

O problema real que afrontamos é que non temos diñeiro nin traballo. E por desgraza, o diñeiro pode acougar ou axitar en igual medida. Realmente é o medio que nos permite vivir ou malvivir.

O partido que sexa capaz de convencernos de que grazas a el volvemos ter diñeiro e traballo será o gran vencedor da crise. Será o noso salvador. Pode un partido arranxar esta desfeita?

Que lectura sairá vitoriosa da crise? Os apóstolos do espartanismo, que cren que a simple disciplina orzamentaria nos devolverá á senda do crecemento? Ou os teólogos do austericidio, que arranxarían todos os problemas inxectando sumas inxentes de diñeiro?

Hai unha lectura que nos debера estar dando a crise neste momento: hai unha forma de xestionar o diñeiro público que non é correcta: o amigueo económico, a prebenda política, o financiamento ilegal, a multa volátil, todo iso debера formar parte do noso pasado e aprender como sociedade que hai prácticas públicas que deben ser afastadas do noso funcionamento diario. É posible? Somos capaces de conseguir que a trampa sexa a excepción en vez da regra? Como di o Roto, non se trata de esquerda ou dereita, trátase de arriba ou abaixo. Os de arriba sempre foron laxos con estes mandamentos, os de abaixo buscaron demasiadas veces subirse a ese barco do coñecido que tanto facilita a vida. O verdadeiro reto para os nosos políticos e para as nosas administracións públicas é o trato igual a todos os cidadáns, a igualdade real. Non sei se iso é ideoloxía, sei que é a única forma boa de saír da crise.



O peto común

Rubén Aramburu

Corren malos tempos para as parroquias, sobre todo no noso rural. Hai igrexas que só abren as portas para o día da festa ou para algún enterro. Quedan poucos cregos e van vellos, xa se fala de especie en perigo de extinción. Fálase de reagrupacións pastorais, sen contar que a nosa xente non está moito por ir á misa a outra parroquia, a non ser por un funeral de alguén coñecido.

En Galicia o cristianismo enraizou sobre un chan de ritos que perviven, mais non conducen a unha fe no Evanxeo e a súa vertente ética. A vida dos santos patróns das parroquias é descoñecida ou ignorada polos veciños, non conta que fosen cristiáns de Xesús, ou mártires... Conta que sexan sandadores, mediadores ante o ben ou o mal. Os santos, en moitos lugares, son substitutos de crenzas antigas, de ritos, maxias...

Non se crearon comunidades cristiás. Na misa do domingo poden estar presentes familias que non se falan en anos, veciños que se odian e lles fan a vida imposible aos outros, caciques ruíns que asoballan os máis febles... Todos en comunión... durante o rito. Falta a auténtica vida comunitaria, a fe no Xesús itinerante de cea en cea, de casa en casa.

Penso que se hai futuro ten que pasar por crear pequenos grupos "interparroquiais", dez, quince persoas que se enchoupen co Evanxeo, que fagan proxecto comunitario, non só de liturxias, senón tamén de compromisos, loitas, proxectos.

Manuel Cadaba Castro, xesuíta e ilustre profesor, vén de presentar un libro sobre o padre Seixas, creador e animador da Comunidade de Vida Cristiá na cidade de Vigo, impulsor tamén do grupo Vanguarda Obreira na Coruña. Naceron nos anos 60 e continúan. E son exemplo de vida comunitaria, de entrega de fe.

E non sería posible recrear estas realidades a nivel de parroquias, arciprestados... auténticas comunidades orantes, mergulladas na Palabra, transformadoras da realidade social, críticas...?

Paga a pena a lectura "O PADRE SEIXAS DESDE DENTRO" (Ed. SEPT), e deixemos que os mortos enterren aos mortos.



O CARRABOXO por ROBE LOIS





Merín, Vedra. Unha casa de aldea despois da matanza... Unha mesa con patacas cocidas, unha exquisita ensalada de repolo cru con dátiles, e mais zorza para probala e facer mañá os chourizos... Xente de conversa, falando do tempo e da crise, falando do fermoso val que se contempla pola ventá, de se vivir na montaña, de que boa está a rosca...

Alí entrevistamos a Lidia Senra, deputada no Parlamento Europeo desde as últimas eleccións, en representación de Alternativa Galega de Esquerda en Europa (AGEe), a coalición que agrupa a Esquerda Unida, A Nova, e Espazo Ecosocialista, e integrada no Grupo Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL). Coma sempre, resultou unha ledicia compartir espazo con Lidia e contaxiarnos da súa forza para a loita

Cóntanos, Lidia, en que consiste iso de ser europarlamentaria? En que cambiou a túa vida?

A dinámica de traballar con outros colectivos e organizacións xa a coñecía, porque xa viña participando nas loitas a nivel europeo. Xa tiña esa perspectiva e doulle moita importancia a coordinar as loitas da esquerda. O que si me cambiou é que agora estou máis tempo fóra da casa... Saio cedo os luns para coller un voo aí polas 5h da mañá e chego a Bruxelas pasadas as 11h, e normalmente volvo os xoves.

En Bruxelas son moitas reunións: reunións de AGE e de GUE/NGL para definir as liñas de traballo, reunións

que o xeito quede fora da prohibición das redes de deriva. O xeito é unha arte de pesca tradicional que non é nociva. Ademais, queremos abrir o debate das cotas. O mesmo que pasou co sector lácteo, a cota que vén para o Estado é moi pequena, e por riba, o reparto dentro do Estado é moi inxusto e os barcos galegos quedan con moi pouco dereito a pescar. O Ministerio está moi pechado e se non hai modificacións vanse perder moitos postos de traballo. O noso compromiso é apoiar o sector e que a pesca artesanal non se vexa afectada coas cotas.

En canto á agricultura, aprobouse un regulamento moi preocupante sobre

Loitamos por unha Europa diferente na que os dereitos das persoas prevalezan sobre os do capital

das Comisións... E unha vez ao mes, temos Pleno en Bruxelas e outra vez, de luns a xoves, Pleno en Estrasburgo. Cando estou aquí, en Galiza, estou en contacto coa cidadanía, cos colectivos, e ese é o sentido do meu traballo.

E en que estás a traballar ti máis directamente?

Estou de coordinadora polo meu grupo na Comisión de Agricultura e tamén participo na de Pesca. Na pesca, estamos dando a batalla para

os transxénicos, así que hai que seguir dando a batalla nos diferentes estados para prohibilos. Tamén se está discutindo modificar o regulamento de agricultura ecolóxica. E estamos elaborando un informe sobre a situación do sector lácteo, porque a 31 de marzo remata o sistema de cotas e vemos que as medidas son un fracaso e que no horizonte hai unha crise. O noso grupo parlamentario chamou como expertas a Isabel Vilalba, secretaria xeral do Sindicato Labrego Ga-

lego, e a Elia Rodríguez Álvarez, produtora en ecolóxico na comarca de Ribadeo. E tamén viñeron a comezos de febreiro representantes de dous colectivos galegos que están en folga indefinida desde outubro, que son Lantero e Cleaner de Ferrol. E foron alí para dar visibilidade á súa situación e contar como se está aproveitando a crise para privatizar servizos e precarizar as condicións laborais

Parece que o voso traballo está achegando os problemas da xente a Europa...

Si, para min é importante facilitar que a xente implicada nos sectores chegue a Bruxelas. A finais do ano pasado, por exemplo, tivemos un encontro sobre a terra e viñeron de Galiza colectivos, entre outros, “Salvemos a Fracha” de Pontevedra, veciños e veciñas do monte Cabral de Vigo, a Plataforma contra as minas de Corcoesto e das minas da Terra Chá, e tivemos un encontro cun responsable da Comisión da Dirección Xeral de Medio Ambiente para coñecer o seguimento dos estudos de impacto ambiental.

Ademais teño feito infinidade de preguntas escritas á Comisión sobre temas que nos preocupan, como a mina de Corcoesto, a carne de vacún, a apicultura, o Castelo de Monterrei, a contaminación de augas, a represión nas mobilizacións... Iso é intentar dar voz ás loitas que se están facendo aquí no país e que esas loitas teñan algún eco no Parlamento Europeo.

Como o recente triunfo de Syriza en Grecia...

Si, o triunfo de Syriza é un triunfo para o pobo grego e tamén para todos os pobos do sur de Europa na nosa loita contra a troika, que desmantela o público para facer negocio coa saúde ou a educación ou con outros bens comúns como poden ser a auga ou a terra. Valoro a determinación de Syriza de facerlle fronte á débeda



do país, porque son débedas xeradas polo capital. Dá forza para seguir aí e reafirmamos en que merece a pena o noso traballo diario en Bruxelas, que é útil na medida en que sexamos capaces de apoiar e contribuír a que avancen as loitas que se están dando nos nosos pobos

Houbo numerosas críticas á falta de presenza de mulleres no goberno grego...

A falta de mulleres no goberno de Syriza é un mal precedente e un mal exemplo

Con razón! Paréceme un mal precedente para as mulleres e un mal exemplo para a esquerda. Espero que esa situación se reverta. O xusto é que as mulleres esteamos presentes ao 50% nos sitios onde se toman decisións, incluídos os gobernos. Para min é unha grande preocupación que todo este movemento de esquerda, mesmo partidos novos que están xurdindo, estean moi faltos de representación pública de mulleres. Preocúpame e, de feito, no mes de novembro pasado organizamos, desde o noso grupo

parlamentario europeo, un congreso internacional de mulleres no concello de Teo para debater sobre o noso papel nas organizacións políticas, sobre a nosa participación na construción do público, da democracia... Faláron deputadas de Ecuador e Bolivia, onde se están desenvolvendo procesos de despatriarcalización promovidos polos mesmos gobernos. E este ano imos celebrar un novo encontro para seguir con ese debate.

Entón, Lidia, paga a pena todo ese esforzo no Parlamento Europeo?

Eu tiña claro ao que ía a Bruxelas... Tiña claro que somos un grupo que non temos forza para gañarmos votacións, pero o sentido do noso traballo é dar debates para unha Europa diferente na que se respecte o dereito dos pobos a decidir e na que os dereitos das persoas se sitúen por riba dos intereses do capital. Para min é unha satisfacción estar nun grupo de esquerda europea que quere cambiar as cousas.

A Pregunta

8 de marzo

Marisa Vidal Collazo

Falando de XÉNERO¹

No século XVIII, na Ilustración, os filósofos deron en que as desigualdades non son un feito natural, senón histórico... E así as mulleres adquirimos argumentos para denunciar a propia situación de opresión. Rousseau foi dos que máis elaborou esta teoría das desigualdades no plano social, político e económico... Pero non incluíu as mulleres. De feito, foi o maior teórico do sometemento da muller á que lle asignaba unha tarefa “natural” -a de esposa e nai- nun espazo “natural” -o doméstico-. Nese tempo, en Inglaterra, a filósofa Mary Wollstonecraft (1729-1797) denunciou o pensamento patriarcal de Rousseau e de moitos ilustrados que definían as mulleres como seres inferiores aos homes.

No século XIX as cousas complícanse para as mulleres: xorde o ideal romántico e a súa misoxinia (idealizar a muller en base á súa inferioridade) defendido por Hegel, Schopenhauer ou Nietzsche, pero tamén se producen as duras loitas das mulleres sufragistas que queren acabar con eses prexuízos. En 1949 a filósofa francesa Simone de Beauvoir publica *O segundo sexo* e desenvolve o concepto de xénero: “Non se nace muller, chégase a selo. Ningún destino biolóxico, psíquico ou económico define a figura que reviste no seo da sociedade a femia humana. É o conxunto da civilización a que elabora ese produto ao que cualifica de feminino”.

O Feminismo ten como obxectivo poñer de manifesto que o rol social asignado ás mulleres non ten orixe natural nin divino, senón social. É a sociedade patriarcal a que elabora o discurso da discriminación de xénero. O feminismo critica as construcións teóricas nas que se apoia e fai emerxer da historia as voces silenciadas que defenderon a igualdade.



Manifestación sufragista en Nova Iorque (1912)

Fai falla celebrar o 8 de marzo?

E o traballo é moito, pois toda a construción de pensamento (ciencias, humanidades, teoloxía,...) está feita dende o lugar dos homes. Ningunha das grandes correntes do pensamento se decatou nunca da opresión das mulleres nin contou con elas á hora de pensar o mundo e a realidade. Por iso a introdución dos estudos de xénero, a teoría feminista, abre un espazo teórico novo.

Por outra parte, unha sociedade construída sobre a desigualdade xera mecanismos que xustifican e lexitiman esa desigualdade. Así xorden os estereotipos de xénero, que xerarquizan o valor das persoas en función do seu sexo. Por iso o traballo feito por mulleres resulta socialmente menos relevante, pois as mulleres somos un colectivo minusvalorado. Tanto é así que non existe ningunha sociedade na que as mulleres teñan máis poder, (ou o que é o mesmo nas que o seu traballo teña máis valor) que o dos homes.

As discriminacións de xénero “mamámolas”? Os xoguetes, os libros, a ocupación dos espazos, a televisión, a familia, a escola... son lugares onde se reproduce a desigualdade dos sexos, e deben ser esencialmente modificados se se quere eliminar a discriminación. É imprescindible un movemento feminista forte que se despregue en todas as fronteiras posibles -partidos, cultura, relixión, medios de comunicación...- e que nos faga ser quen de distinguir nas diferenzas entre homes e mulleres o que é biolóxico e que é elaboración social. Así quedará patente que o patriarcado é cuestión de vontade e responsabilidade humana.

unha sociedade
construída sobre
a desigualdade
xera mecanismos
que lexitiman esa
desigualdade

1 - Este texto está feito a partir do artigo *Género*, de Rosa Cobo Bedia, *10 Palabras clave sobre mujer*, AA.VV. Ed. Verbo Divino. Estella Navarra. 1995. Podedes consultar o texto completo en <https://irimegos.wordpress.com>



Vou falar dende min mesma. A pregunta non é por que son feminista. A pregunta é: e por que non? Aínda diría máis, por que non o somos todas?

Contrariamente ao que a meirande parte da xente cre, a palabra Feminismo significa: “Movemento que loita pola equiparación dos dereitos políticos e civís da muller cos do home”

Como non organizarse, solidarizarse e continuar formándose na perspectiva de xénero, para ter máis argumentos dos que xa nos sobran? Como mirar para outro lado ante o goteo incesante de vítimas? Como ignorar esta sangría interminable? Cada vez que vemos nos medios outro asasinato dunha muller, algo dentro de cada unha de nós tamén morre con ela.

Só un dato: nun ano morren máis mulleres por violencia machista ca vítimas do terrorismo de ETA houbo en dez anos (en 2014 houbo 59 asasinadas). Pensade que ocorrería se o próximo ano morreran 60 homes a mans das súas compañeiras, parellas, ou amigas. Como reaccionaría a sociedade? Deixo esa reflexión.

Por outra banda están os chamados “micromachismos” de cada día. Por que temos que seguir soportando as babosadas que nos soltan pola rúa, no bar, no pub? Por que aturar os insultos, o trato degradante, o acoso cotián, as malas contestacións, o desprezo, o non sermos valoradas no noso posto de traballo... só polo feito de ser mulleres?

Vivimos no século XXI e as mozas cren que é normal que a súa parella as controle, xa sexa polo móbil, pola rede ou vixiando; que é normal que non lle guste que vaia coas súas amigas, ou vestirse de determinada maneira. É este un dato grave ao meu xeito de ver. Ademais, aínda pervive no inconsciente colectivo a resposta instantánea ante unha nova agresión sexual ou asasinato, “algo faría para merecelo”.

Segue sendo crucial unha educación non sexista, con perspectiva de xénero, unha preparación da mocidade nos postulados feministas, ou senón a sociedade estará perdida.

Tampouco podemos pasar por alto o feito de que as políticas de recortes nos roubaron ás mulleres dereitos fundamentais, que custaron moitos anos e moito esforzo conquistar, sobre todo no referido á saúde sexual e reprodutiva, impondo normas sobre os nosos corpos en definitiva.

Que se segue sendo necesario celebrar o 8 de marzo? Tristemente así é.

Beatriz Estévez Lorenzo

Nunca me gustou o de “día da Muller traballadora”, porque as mulleres traballaron sempre. Antes, as tarefas da casa, o coidado dos fillos, etc, non se consideraba traballo. Outra cousa é que por estar tan discriminadas non se lles daba valor nen ás mulleres nen o traballo que realizaban. Ese era un dos motivos polo que apenas se lles pagaba cando traballaban para fora, traballaran as horas que traballaran. O de cotizar ou seguridade social nin se pensaba, ademais non era necesario pois como tiñan que depender do home para todo, xa cotizaban eles. E se non tiñas home tiñas que buscarte a vida e depender da caridade.

O “Día 8 de marzo” para min significa recoñecer e recordar a loita de todas as mulleres dende 1908.

Que celebro? Celebro todas as conquistas que fomos conseguindo, os pasiños que vamos dando. Celebro a independencia de tantas Mulleres..., sobre todo a independencia económica. Celebro a forza e a vida de tantas Mulleres que van quedando polo camiño.

Como o celebro? Reuníndome con outras Mulleres: concentrándonos, vendo e comentando algunha película que teña que ver co tema das Mulleres, asistindo a conferencias ou ós diferentes actos que soemos programar ou que programan outras mulleres.

Eva Queiro Uhía



...Porque a fenda salarial entre homes e mulleres leva 5 anos medrando sen parar. Segundo os últimos datos, no Estado español as mulleres cobran un 24% menos que os homes. Galicia está por riba deses datos medios. Na nosa comunidade a fenda salarial aumenta: os salarios dos homes baixaron un 1,4% e o das mulleres un 3,3%. Hoxe somos a segunda comunidade cos salarios máis baixos.

...Porque a miña filla segue tendo que aguantar a violencia dos comentarios subidos de ton dos mozos que a ven pasar disfrazada... exactamente igual que os tivo que aguantar a súa nai e a súa avoa.

...Porque as novelas máis lidas e as películas máis taquilleiras seguen sendo aquelas nas que é máis explícita a violencia contra as mulleres, unha violencia gratuíta e de sometemento. Aínda non recuperados daquela delirante saga para adolescentes de vampiros machistas (dunha autora mormona afín ao *tea party*) chega a sombra do patriarcado para persoas adultas (que non maduras)... E o máis penoso é ver como os medios de comunicación, mesmo os máis “progres”, se renden a esa violencia sen que se escoite unha soa voz crítica que poña en evidencia a patente discriminación.

Marisa de Corme



Esvaecedores de silencios

MANUEL ARCA

Manuel Arca é estudante de 1º de Tradución e Interpretación. Hoxe abre esta nova sección en Irimia, cun nome inspirado naquilo que dixo George Steiner: “sen a tradución viviríamos en provincias lindeiras co silencio”. Agardamos que sexa do voso interese.

O que do Murakami?

O Murakami é un dos poucos escritores xaponés que nos chegan a Occidente. E non só iso, senón que se converteu nun dos que máis gusta. Desde logo non se lle pode quitar mérito a este feito pois, alén dos escritos que publica Rinoceronte Editora, é o único escritor xaponés que tivemos a sorte de ler na nosa lingua. A fazaña debémoslla a **Mona Imai** e a **Gabriel**



Álvarez, que trasladaron as verbas do nipón á nosa lingua.

O resultado son catro títulos publicados na nosa lingua pola **Editorial Galaxia**: *1Q84 (Partes 1 e 2)*, *1Q84 (Parte 3)*, *Tras do solpor* e *Do que estou a falar cando falo de correr*. Grazas a eles podemos entender os pensamentos de Aomame e Tengo, metérmolos na súa vida e tecer a crisálida de ar que se sitúa sobre eles.

A letra que (Q) e o número nove lense da mesma maneira en xaponés: *kyû*. De aí o nome dos libros.

Aomame traballa nun ximnasio. pero tamén realiza o choio encuberto de asasina a soldo. Tengo é un escritor de moita valía mais non recoñecido, contratado para darlle forma á historia *A crisálida de ar*, escrita sen moito xeito por unha nena prodixio. O proxecto literario e a *gavela Amencer* que se oculta tras este unen os dous personaxes nun mundo novo, no 1Q84 (o que e o número nove len-

se da mesma maneira en xaponés: *kyû*), clara referencia ao libro 1984 de George Orwell, ao que tamén se fai mención no propio texto.

Cada personaxe presenta unha fondura interior que paga a pena sentir. Desde o primeiro, móstranse dous personaxes illados aparentemente que conforme avanza o fío da historia acaban por enlazar o seu destino... E mais o seu pasado.

Os capítulos preséntanse de maneira separada entre os dous protagonistas e é o lector o que debe desenlear as tramas aparentemente paralelas e dar coa encrucillada das mesmas. Esta estrutura, que pode resultar incómoda ou desconcertante a primeira vista, agrádese co transcórrese da obra, pois é o lector o que a través dun xogo cerebral vai unindo non só as historias de Aomame e Tengo, senón os mundos do 1Q84 e o do 1984. No terceiro libro, o detective privado Ushikawa, contratado para pór fin á vida dun dos protagonistas, cobra relevancia.

O panel de personaxes secundarios é moi extenso. A vella anciá, o seu gardacostas, o líder da seita e da comuna, a pequena Fukaeri...; enriquecen os textos destes tres volumes e venceflan a vida dos dous protagonistas.

As casualidades da vida, as utopías, o paso do tempo cun presente desolador, o sexo, as ilusións, o amor da infancia, as inxustizas, a relixión, o control das autoridades, a música, a verdade, a homosexualidade, as seitas... Son algúns dos temas que trata Murakami de maneira brillante nesta obra.

Se ben tres libros (na edición galega dous) con cadanseu lote de cincocentas páxinas pode ser demasiado pesado, o estilo do libro non o é. As frases de Murakami son sinxelas de comprender e non son vítimas nin do barroquismo nin da redundancia.

Lembranza de orballos Don Ánxel Fole

Baldomero Iglesias Dobarrio (Mero)



Dende a espontaneidade
creaba mundos e
inventaba esencias
sublimes do vivir

Antes da exclusión virían mozos, na difícilísima supervivencia da posguerra, que co seu bo facer despuntaran algo de porvir. Entre eles Cunqueiro e Fole, amigos e, en Compostela, compañeiros de pensión. Fole era máis de relatos e contos, ensaio e mesmo teatro –estaba moi orgullo do seu *Pauto do demo*, con anécdotas que perfilaban a historia do cotiá. Era menos de poesía, aínda que tamén. Baixiño e humilde, fumaba e levaba a cabicha no cabo da boca, nunha nube de fume asegundaba néboas. Calzaba na testa pucha negra e nos pés, zapatos que lle abundaban enormes. Sentíase vir co seu repenicar dos lorchos na beirarrúa, ao soltar tacón, e podíamos ver o calcañar do calcetín gastado cunha cebola ao aire, de tanto subir e baixar cada alancada. O seu aspecto, nos últimos anos, era un pouco descoidado. Non vía ben ou non quería perder tempo en andrómenas, deixaba a barba por parroquias. O seu aspecto era o de menos, o importante del era o seu carácter, a súa personalidade, o seu porte de gran home en formato pequeno. Entrañable e querido por todos, tiña saídas increíbles e propias deses seres

únicos que, desde a espontaneidade, crean mundos e inventan esencias sublimes do vivir, marabillas de contento. Publicaba en revistas, xornais e libretos de todo tipo, así como libros *Á lus do candil*, *Terra brava* –o seu libro preferido, *Contos da néboa* e *Historias que ninguén cre*. Desde os títulos, xa podeades darvos conta do gran poder sedutor que tiña. Escribía para *El Progreso*, onde levaba ritmo lento pero necesario para, periodicamente, sacar algo capaz de engaiolar coa súa florida prosa. Dirixiu o suplemento “Táboa redonda” e empregaba pseudónimos como Neumandro, Don Fabulón ou Lucencio. Defendía a teoría dos grandes contadores de contos: os contos son para contar, non para escribir. Sempre dixo que os contos son, na palabra de quen os conta, na intención e nas énfases ondulantes do contador. Un mal menor é que queden escritos e deixados á libre interpretación de cadaquén. Agasallábanos no Bar Jesús –un bar, preto do Progreso- con algún conto mentres tomabamos café, fumando un cigarro. Tiña o don da palabra, de captarnos e levarnos directamente desde o seu maxín á enorme fantasía nosa e, des-

Lembranza de orballos

Don Ánxel Fole

Baldomero Iglesias Dobarrio (Mero)

de alí, facernos ver as historias que relataba. Contos de medo, contos de ansia e desespero, de tensión e fracasos. Gran lección de literatura! Todos, ao chamalo, diciámoslle “Don Ángel, si señor”. Afirmaba e admitía calquera sentenza con ese: “...si, señor”

Algúns, en Lugo, pola noitiña, temos reparado algunha vez no seu razoaro coa cuñada Fina, que desde a ventá da casa lle reprobaba as chegadas intempestivas ao vir dos faladoiros do Lugo Bar, de dona Laura, do Méndez, do Madrid ou do Asuero –onde tornaba coa man, moscas e mosquitos, que lle viñan ao viño. Ou aquel razoaro coa sobriña, xa na rúa Río Chamoso, polo telefoníño –novidoso naqueles tempos- da porta de abaixo. Suporei o diálogo, xa que non lembro exactamente. Imaxínade: chegaba, pois, Don Ánxel e, premendo insistentemente no timbre, berraba: *...a ver, Conchita, abre a porta que vai moito frío!* (Falaba con certo aquel canso e sobrado). Conchita, a sobriña, desde dentro, contestaba: *...xa vén aí? Déame “santo y seña”*. *...Merda!*, contestaba Don Ánxel. *Contrasinal correcto, ...pode subir!* Cando facía ademán de entrar, volvía falar o trebello: *...cheira a viño condenado, ben se lle coñece!* *... Nada bebín en ausoluto, que dis? Sempre andades con andrómenas!* *...Se o coñecerei eu -dicían enriba-, e de onde virá a estas horas? Sempre con estas trazas!* *...Por*

iso che digo que abras, que quero ceiar un pouco e despois marchar! *...Ai, non; con estes xeitos, non conte comigo!* *Para vir aquí ten que estar ben. ...E logo, non ves que estou ben? Boeno, ...ver non ves -dicía el- pero sabes o ben que dou razón e consecuente!* *Cheo, non podería facelo!* Así botaban tempo e ao final sempre subía e tíñanlle alimento e do seu coñac preferido, a relación era boa e moi entrañable. Eran descubridores quizais dun xeito teatral a poñer en uso, monólogos de telefoníño, nunca levado á práctica aínda que debe ser, ben des-

Tiña o don da palabra e de levarnos á fantasía

envolvido, moi interesante. Gustaba viaxar pero el non conducía; ía con alguén e anunciáballes o medo encarrando fortes asubíos cara ao condutor, sobre todo nas curvas onde máis el se acovardaba. Era todo un relato. Varias publicacións permiten achegarse á súa obra, impresionante desde os aspectos da calidade narrativa ata referencias temporais que inclúe e move con total dominio. Lembrarei *O cartafol de Lugo*, con artigos que foran do xornal e forman un libro que agasallei a varios amigos e que, para min, son a clave do pasado recente, anécdotas do increíble, pero certo!




Deputación
DA CORUÑA

EDITA: Asociación A. IRIMIA

FEITO EN PAPEL RECICLADO

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedron Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén, Christina Moreira.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓN EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRIBIÓNS: Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 628 416 644 / subscrições@asociacion-irimia.org

Ordinaria: 25 Euros. de Apoio: 40 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 TIRADA: 1.000 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)


ISSN: 2172-9182

IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.xhtml>

Boa Nova



A PALABRA

**DOMINGO 8 DE MARZO. III de CORESMA
A PALABRA. Xn 2, 13-25**

Naquel tempo, estaba a chegar a Pascua dos xudeus e subiu Xesús a Xerusalén. ¹⁴Atopou no templo os que vendían bois, ovellas e pombas e mais os cambiadores, sentados; foi el e fixo un vergallo con cordas de xunco, botounos a todos fóra do templo e as ovellas e os bois tamén; guindou cos cartos e virou as mesas dos cambiadores e aos que vendían as pombas, díxolles: «Arredádeme de aquí estas cousas, non fagades da casa do meu Pai unha casa de negocio» (...).

A tarefa incumprida do templo

O relato de hoxe é un dos que sempre sorprende porque mostra unha imaxe de Xesús máis provocadora do habitual. Xesús enfrontase a institución mais sagrada de Israel, o templo e cuestiona a súa capacidade de intercesión ritual.

O Mestre actúa o xeito dos antigos profetas de Israel facendo un xesto simbólico de denuncia e anuncio ,para explicitar por onde han de ir os auténticos vieiros de Deus. O evanxeo de Xoán coloca este feito o comezo da aparición pública de Xesús e o interpreta citando o salmo 69, 10 e Zac 14, 20-21. Os dous textos orientan a interpretación mesiánica do xesto de Xesús. Por que fai isto? Por que lle indigna tanto o que esta a pasara alí?

O lugar en que descorre a escena non é propiamente o templo, senón o patio polo que se accedía o recinto, un espazo menos sagrado que o resto onde todo o mundo podía acceder, e onde se vendía todo o necesario para os sacrificios ademais dos trocos de diñeiro, pois considerábase que os cartos que se usaban fóra do templo eran impuros e era necesario cambialos pola moeda do tempo, loxicamente con intereses. Cando Xesús bota polo chan os negocios que alí estaban, non só denuncia os abusos, senón que esta dicindo que Deus no quere ese sistema ritual. Por que?

Pois, porque era discriminatorio, porque tal coma funcionaba non toda a xente podía achegarse a Deus. Se lemos toda a profecía de Zacarías que o mestre cita, veremos que do que alí se fala é do final da sacralidade excluín-te. No "día do Señor" todos e todas poderán achegarse a Deus, porque deixará de haber espazos sagrados e profanos é todo espazo de encontro con Deus.

Isto é o que indigna a Xesús, que os profesionais da relixión, impoñan ritos que controlan e privatizan a salvación de Deus. E este empeño é tamén o que lle custará a vida (Sal 69,10).

Carme Soto

Jade [unha vítima, testemuña no xuízo de D. Strauss Kahn, o ex xefe de todos os cartos do planeta] falou de "carnicería", de "empalamento" . Contou como chegara a ser prostituta. "Abrín a neveira, dixu a nai solteira. *Eu sabía que ían abrimme un expediente social pola custodia dos meus fillos e vin que a neveira estaba baleira. [...] Unha non escolle esa vida. Nunca merquei un bolso ou un par de botas de marca. E en canto podía, atopaba un traballo temporal...*

Saír da prostitución, é como saír dunha tumba. Ninguén chega así á prostitución, por vontade propia. Sempre hai fragilidades. Despois hai que volver aprender a vivir cun corpo que foi penetrado, violado."

Bernard Lemette, diácono permanente en Le Havre, traballa con prostitutas.

"Arredádeme de aquí estas cousas, non fagades da casa do meu Pai unha casa de negocio... Derrubade este templo e erguereino en tres días".

Xesús de Nazaré

Onde deixaches as instrucións para facer outro látego igual Mestre? Porque seguen a vendernos e a mercarnos, como mercadoría sen alma. Só deixaches sinalado un carreiro, estreita corredoira na que cómpre abrir paso para todos e todas, ás veces a lategazos, para o amor que redime, levanta e devolve a dignidade. Non é un amor rosa chicle de telenovela e unicornios voadores, é un pulo forte coma un látego que asubía no ar esixindo xustiza, esixindo que unha poida escoller vida e que non todo se poida mercar e vender.

Aquí o sinistro artigo (sinto non telo traducido todo) http://www.ledevoir.com/societe/medias/431925/un-jouisseur-et-son-destin?utm_source=infolettre-2015-02-16&utm_medium=email&utm_campaign=infolettre-quotidienne.

Christina

A CLAVE

O ECO

Falando da lingua Seica anda aí Pedro Chosco...

Lidia e Valentina



Os verbos que rematan en **-IR**, é dicir, o que se entende por verbos da **3ª conxugación**, son normalmente regulares. Agora ben, tamén hai un grupo xeitoso destes que si teñen o que se entende por **alternancia vocálica**, isto é que á hora de conxugalos cambian a vogal do radical, da raíz. E neste grupo hai os que cambian “e” por “i” (pedir...), incluso os que cambian o “e” pechado por “e” aberto ou por “i” (servir...) e os que cambian “u” por “o” (durmir...). Neste último grupo

ímonos centrar desta volta. Imos tomar como modelo o verbo durmir...

Pois ben, para empezar, a forma correcta do infinitivo vai ser **DURMIR**. Terá irregularidade unicamente no presente de indicativo. Conxugarase así: “eu durmo, ti dormes, el dorme, nós durmimos, vós durmides, eles dormen”. Igual ca “durmir” vanse conxugar: acudir, cubrir, cuspir, fuxir, lucir, tursir, xurdir, os derivados destes e algún máis.

E seguindo aquel conto de que “san Xosé era carpinteiro e facía confe-

sionarios, así que hoxe imos falar do sacramento da confesión...”; nós, aproveitando as irregularidades da terceira conxugación imos falar de durmir...

Xa sabemos como conxugar o verbo. Agora imos ir á fraseoloxía... A ver a quen non lle pegou o sono algunha vez, cando non procedía, porque tiña un sono que non se lambía, e durmiría ese día ata o sétimo sono, e todo porque de noite non deu prendido no sono, non pegou ollo, pasou a noite a velar, nin despois de contar ovellas se deu quedado a durmir...

E hai quen soña esperto, porque ten ilusións de máis, ou quen parece que durmiu cos pés fóra da cama, porque se levantou escangallado...

Tamén hai quen dorme de pé, co reben-tado que está, e hoxe se terá que deitar canda as galiñas, cediño, cediño...

A quen non lle dixeron algunha vez que parece que ten o sono da morte, que non dá espertado? Ou quen, despois dunha dura noite de troula, tivese que durmir a mona...

Sexa como for..., dicía a nosa benquerida Telós da Fonte: *Deus nos amañeza con ben! Amén!*

O Fachineiro do teatro

Xardín suspenso

Unha das oportunidades que ten o noso sector cultural é a posibilidade de abrirse ao ámbito da lusofonía. Estase procurando esa colaboración necesaria e hai pouco vimos varias compañías portuguesas nos teatros galegos. No caso de *Xardín suspenso* trátase dunha adaptación do escritor portugués Abel Neves dirixida por Cándido Pazó. É unha historia sobre fidelidade e desamor que aínda vai estrearse no Centro Dramático Galego a semana que vén. Xa se verá que tal, pero que a dirixa Cándido Pazó para este fachineiro xa é suficiente garantía. A outra recomendación é *O crédito*, tamén unha



adaptación -neste caso dun texto de Jordi Galcerán- presente na estrea santiaguesa desta versión galega. Nesta obra, que xa leva un ano de éxito en castelán imos atoparnos cunha comedia que levan sobre as súas costas só dous actores: Antonio Durán “Morris” e Pedro Alonso. Morris non sae do escenario en hora e media longa e Pedro Alonso un par de minutos. Un esforzo apreciable para unha peza divertida. E como, de momento, o teatro non é pirateable, pois cómpre ir velas. Malia o 21% de IVE que está afofando as compañías e a todo o sector.

A.Q.